

# AS RAÍCES HISTÓRICAS DA ESPAÑA CONTEMPORÁNEA

## UNIDADE 1: DA PREHISTORIA Á IDADE MEDIA

(1ª quincena- 1ª semana)

### ÍNDICE

<b>1. AS PEGADAS DAS PRIMEIRAS CULTURAS E DA DOMINACIÓN ROMANA NA PENÍNSULA</b>	<b>pax. 2</b>
- A Prehistoria	pax. 2
- A dominación romana da Península	pax. 8
 <b>2. PLURALIDADE POLÍTICA E CULTURAL DA PENÍNSULA NA IDADE MEDIA: AL-ÁNDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS. FORMAS DE VIDA E INTERCAMBIO CULTURAL. A OCUPACIÓN DO TERRITORIO E AS CONSECUENCIAS SOCIOECONÓMICAS. TRAZOS DA GALICIA FEUDAL.</b>	<b>pax. 11</b>
- Os reinos xermánicos	pax. 12
- Al-Ándalus	pax. 13
- Os reinos cristiáns	pax. 18
- A crise da Baixa Idade Media	pax. 22
- Galicia feudal	pax. 23

## DA PREHISTORIA Á IDADE MEDIA

As raíces da Historia de España afúndense nos tempos prehistóricos, ou polo menos a eses tempos hai que remontarse para atopar aos primeiros homes que viviron na Península Ibérica. A idea de que nesta terra viviron seres humanos desde hai milenios corroborouse cos novos achados dos arqueólogos en Atapuerca. As comunidades humanas evolucionaron non só polos seus propios medios senón pola chegada de pobos colonizadores que puideron achegarlles novos coñecementos. Os primeiros foron os celtas, procedentes do centro de Europa, e os fenicios e os gregos, procedentes do Leste do Mediterráneo. A eses primeiros pobos colonizadores seguíronlles cartaxineses e romanos. Estes últimos organizaron política e administrativamente o territorio, ata que outro pobo invasor, o visigodo, fíxose co control de boa parte da Península Ibérica. As raíces do que despois sería España hai que buscalas, pois, en momentos moi distintos da Historia: prehistoria, protohistoria e historia antiga e medieval.

### 1. AS PEGADAS DAS PRIMEIRAS CULTURAS E DA DOMINACIÓN ROMANA NA PENÍNSULA

#### - A Prehistoria

**O Paleolítico.** O home descende duns animais semellantes aos actuais simios, que vivían nas árbores dos bosques tropicais e alimentábanse dos seus froitos. Co tempo comezaron a vivir no chan e a camiñar sobre dúas patas, de maneira que podían servirse das mans para coller obxectos. Isto é o que comezaron a facer uns seres que vivían hai uns tres millóns de anos no sur de África, e aos que se chamou *Australopithecus*.

Os *Australopithecus* non sabían fabricar instrumentos, é dicir, non eran quen de razonar, que é o que diferencia ao home do resto dos animais. O reducido tamaño do seu cerebro tamén parece indicalo. Sen embargo, xunto aos restos do *Homo erectus*, un ser que camiñaba sempre ergueito e vivían en Asia e en África hai medio millón de anos, atopáronse pedras talladas e sinais de fogueiras. Amosábase así a súa intelixencia que o convertía nun *Homo*.

Cazadores e recolectores. No Paleolítico Inferior o *Homo erectus*, extinguido hai uns douscentos mil anos, comía do que lle ofrecía a natureza: froitos, insectos, animais pequenos. A caza de grandes animais non era habitual polo perigo que tiña. Para cazar usaba lanzas de madeira e machados de man, que conseguía golpeando dúas pedras, ata acadar un fío cortante. Este *Homo* vivía na entrada das covas, en abeiros rochosos e en cabanas. Cada certo tempo víase obrigado a trasladarse de lugar na procura de alimentos, polo que levaba unha vida nómada. Adoitaba vivir en pequenos grupos. Usaba o lume para quentarse, alumarse, escorrentar ás feras e mesmo para preparar a carne.



Xacemento da Sima do Elefante en Atapuerca, onde se atopou a mandíbula do 'primeiro Europeo' (abaixo), de 1.200.000 anos de antigüidade.


Da evolución do *Homo erectus* xurdiron co tempo o *Homo sapiens* e o de *Neandertal*, que habitou Europa hai uns 100.000 anos, no Paleolítico Medio. Cazaba grandes animais, como mamuts e osos, abundantes no período glacial no que viviu. Para isto desenvolvera unha maior habilidade na fabricación de útiles. Xunto aos restos apareceron tumbas con útiles, o que indica a crenza noutra vida despois da morte.

Na derradeira etapa do Paleolítico apareceu a variedade actual de *Homo sapiens*. No Paleolítico Superior o tempo seguía a ser frío e abundaban en Europa as mandas de mamuts, renos, cervos e bisontes. Da súa caza sacaban o necesario para vivir: comían a súa carne, vestíanse coas súas peles e usaban os seus osos para fabricar ferramentas e adornos. Os útiles eran moito máis variados e especializados. Os homes do Paleolítico Superior foron os primeiros artistas da humanidade, como amosan as pintura das covas da zona cantábrica, como Altamira.

Ata hai pouco tempo non se atoparan restos de homínidos do Paleolítico Inferior na Península Ibérica, ata os achados de Atapuerca. O seu descubrimento foi consecuencia dos movementos de terra para a construción do ferrocarril no século XIX. Aínda que foi obxecto de escavacións durante todo o século XX, non foi até a década dos noventa cando se atoparon restos dun grupo humano que vivira na Gran Dolina de Atapuerca fai preto de 800.000 anos. Antes deste achado, non se coñecían restos de homínidos anteriores ao ano 500.000. Máis recentemente, no ano 2007, os arqueólogos atoparon a mandíbula dun home que viviu probablemente hai 1,2 millóns de anos, o que o fai o europeo máis antigo.

O estudo destes fósiles de Atapuerca permitiu cambiar a idea sobre a evolución da especie, até o punto de terse denominado a 'clave da evolución humana en Europa'. Segundo os investigadores, o homínido que viviu neste lugar tiña unha capacidade craniana de 1.000 centímetros cúbicos aproximadamente, maior que a do *Homo erectus*. Chamóuselle o *Homo antecesor*, e foi previo ao home de *Neandertal* e ao *Homo sapiens*.

En Galicia téñense atopado restos paleolíticos na Terra Cha, Toén, Budiño e, recentemente, atopáronse en Ribadeo os restos máis antigos. Apareceron coas obras da concentración parcelaria unhas trescentas ferramentas de hai 300.000 anos, que os antigos habitantes usaban para abrir os ósos e comerlle a médula dos elefantes e rinocerontes que poboaban entón a Península.



Documentan por vez primeira a presenza de neandertais en Galicia

Membros do Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste da Universidade de Santiago (USC) atoparon o primeiro depósito en cova no que se documenta de maneira sistemática a presenza de Neandertais en Galicia. Traballaron con investigadores do Institut Català de Paleocologia Humana i Evolució Social de Tarragona na Cova Eirós, situada no concello lucense de Triacastela, onde descubriron restos de máis de 35.000 anos, adscritos por tanto ao Paleolítico Medio.

Útiles do Paleolítico atopados na Serra da Groba (sur de Pontevedra), de máis de 300.000 anos de antigüidade

<http://www.plataformasinc.es/index.php/esl/Noticias/Documentan-por-vez-primera-la-presencia-de-neandertales-en-Galicia-03.09.2008>

Este descubrimento converte á Cova Eirós nun dos principais xacementos do Paleolítico Medio do noroeste peninsular, xa que xunto cos útiles de pedra tallada consérvanse numerosos restos de fauna prehistórica que proporcionarán información moi valiosa sobre a contorna ambiental e a vida destes humanos primitivos. Ademais, noutra zona da escavación descubriron outros restos líticos do Paleolítico Superior, relacionados cos *Homo sapiens*, humanos modernos.

O equipo xuntou tamén vestixios de animais (cérvidos, bóvidos, ósos e varias especies de carnívoros) que, unidos a mostras de carbóns e pole, facilitarán a reconstrución do tipo de clima, fauna e vexetación que existía

nese lugar. Do mesmo xeito, os resultados da investigación achegarán as formas de vida cotiá destas comunidades a través do estudo das estratexias de caza e consumo da fauna da contorna.

Comparar distintas épocas

Xunto a estes descubrimentos, a proximidade doutros xacementos do Paleolítico Superior Inicial (Cova da Valiña, Castroverde) ou Final (Valdavara, Becerreá) posibilita a comparación entre os modos de vida dos neandertais e os Homo sapiens. No futuro, mostrarán con maior precisión a complexidade social e evolución das súas tecnoloxías, medio ambiente e estratexias de subsistencia ao longo dos últimos 50.000 anos.

Aínda que hai outros xacementos adscritos ao paleolítico medio na conca do Miño, como A Piteira (Ourense) e A Barreira (Pontevedra), a acidez do chan galego neste lugar permite que unicamente se conserven aquí as súas ferramentas líticas. Ademais, o descubrimento de materiais orgánicos facilita coñecer con maior precisión o medio onde se desenvolveron os homes de Neanderthal e as súas estratexias de subsistencia e explotación do territorio.

**O Neolítico.** O Neolítico, ou Idade da Pedra Nova, foi un período de fondas transformacións, debido ao descubrimento da agricultura. Hai uns dez mil anos os homes comezaron a cultivar a terra e a domesticar algunhas especies animais. Así conseguiron máis alimentos e aumentou a poboación. Tamén comezou a sedentarización, xa non era necesario ir detrás das rabaños de animais.

Os primeiros agricultores viviron en Próximo Oriente arredor do 5.000 a. C. Desde este foco a agricultura foise expandindo por Europa. Outros focos foron o val do Indo (IV milenio a. C.), China (III milenio a. C.) e América (III milenio a. C.). Durante milleiros de anos conviviron os agricultores con outros pobos exclusivamente recolectores e cazadores.

Os agricultores vivían en aldeas, onde contaban con tempo libre que adicaron a actividades artesanais. Seguían a traballar a pedra e a madeira, pero apareceron dúas novas técnicas: a cerámica, que lles permitiu dispor de recipientes resistentes ao fogo para cocer os cereais, e o tecido, que lles permitiu facer os seus vestidos de liño ou de lá.

Nas terras máis fértiles producíase máis do que se consumía. O excedente da produción axiña comezou a usarse para intercambiar por algún outro artigo do que esa comunidade carecía. Naceron así as primeiras relacións comerciais, mediante o troco, cambiando un produto por outro.

O Neolítico na Península Ibérica esténdese entre o 6.000 e o 2.000 a. C.. Dentro deste período hai que incluír as pinturas da Arte Levantina, do leste da Península.

Gondomar revélase como base do primeiro xacemento neolítico galego

*La Voz de Galicia, 8-9-06*

As pegadas do pasado ocultas no monte de Chan do Cereixo, situado no municipio de Gondomar, son moito máis importantes do que xa apuntaban os primeiros descubrimentos realizados desde os anos oitenta, xa que o depósito localizado na comarca miñorana é a día de hoxe o máis antigo dos coñecidos na actualidade en Galicia. Pero fai tan só dous meses, o equipo de arqueólogos do Instituto de Estudos Miñoranos dirixido por Rosa Villar, atopaba outras mostras inequívocas do paleolítico e continuaba a súa investigación tratando de confirmar presenza neolítica, o que supoñería un descubrimento espectacular, xa que non hai documentado en Galicia ningún achado deste período prehistórico.

Neste traballo, os froitos do tempo recollidos na contorna dun outeiro denominado As Campurras, son os máis saborosos. Alí localizáronse dous dos seis petroglifos que atoparon, que non teñen gran importancia, pero en varias sondaxes ao redor dunha das rocas esculpidas con gravados moi simples, atopáronse vestixios que ofrecen en conxunto un contexto arqueolóxico claro consistente nun paleosuelo de terra a ambos os dous lados da rocha, sobre o que apareceron fragmentos cerámicos que constatan a existencia de silos para almacenar cereal, unonsel triangular ancorado no chan, lascas, cantos rodados e cristal de cuarzo tallado, un raspador de sílex, e misteriosos restos de landra carbonizada.

Villar indicou que a obtención de datacións a partir de catas e análises de restos polo método do carbono 14, «permite situar este conxunto de achados no neolítico pleno, co consecuente atraso da cronoloxía dos petroglifos, que se demora algo máis de 2.500 anos do que ata agora se consideraba, en finais do terceiro e os inicios do segundo milenio antes de Cristo».

**A Idade dos Metais.** Desde principios do IV milenio a. C., os habitantes do Próximo Oriente utilizaron o cobre, fabricando obxectos con el. O paso decisivo no coñecemento da metalurxia foi a obtención de bronce. O bronce é unha aleación de cobre e estaño e ten maior dureza e resistencia co cobre.



Só uns poucos artesáns especializados coñecían os segredos da metalurxia, formando un grupo social privilexiado. Os metais non se atopaban en todas partes, polo que a metalurxia implicou o desenvolvemento do comercio e dos transportes para conseguilos.

Na Península atopáronse indicios do uso do cobre desde o terceiro milenio (poboado dos Millares, en Almería). Na Idade do Bronce apareceron os primeiros núcleos urbanos. A zona máis evolucionada foi o Sudeste, onde se desenvolveu a rica cultura do Argar (Almería). Pero atopamos tamén abundantes poboados por case toda Andalucía e o Levante mediterráneo.

O desenvolvemento de diferentes actividades económicas (agricultura, gandería, metalurxia...) xunto co maior número de habitantes nestas poboacións, xerou unha crecente diferenzación social entre ricos e pobres, o que queda testemuñado nos enterramentos. Ían xurdindo poboacións que controlaban a outras, o que se interpreta como a aparición dun poder político e de individuos dedicados á guerra.

**O megalitismo: a primeira arquitectura.** O megalitismo (pedra grande) considérase a primeira arquitectura da Historia pois, por vez primeira, creouse un espazo interior e exterior. Iniciouse no Neolítico chegando ata a Idade do Bronce, aproximadamente entre o 3.000 e o 1100 a. C., en dúas grandes áreas costeiras: a mediterránea e a atlántica.

Hai dous tipos de construcións megalíticas: funerarias e de culto. As funerarias soen ter unha cámara sepulcral e un corredor, máis ou menos longo. Empréganse grandes bloques irregulares de pedra sen tallar e sen elemento de cohesión entre eles. A construción remata recubriendo toda a estrutura con terra e pedras, creando túmulos ou colinas. Hai varios tipos de estruturas culturais: menhires, aliñacións e cromlechs.



Dolmen de Axeitos (Ribeira)

En Galicia, o megalitismo ten grande importancia, como amosan os numerosos dolmens atopados (sendo moitos menos os menhires e as aliñacións). En galego, os dolmens reciben os nomes de *anta*, *arca*, *casa de mouros*, *meda*, *cabana*, etc. O espallamento dos dolmens por toda Galicia fainos pensar nun poboamento de pequenas comunidades dispersas.

O seu tamaño é pequeno, non chegando ás grandes dimensións dos sepulcros andaluces (os túmulos -non conservados- tiñan entre 10 e 30 metros de diámetro). A cuberta é sempre monolítica e o chan de terra pisoteada.

No interior dos sepulcros era habitual a presenza dun enxoval funerario composto de trebellos domésticos, obxectos de adorno, armas... Isto indícanos a crenza nunha vida trala morte, corroborada polos gravados de simboloxía relixiosa

**A cultura castrexa.** A cultura castrexa comezou no s. VIII e chegou ao seu apoxeo a finais do primeiro milenio a. C. convivindo co proceso de romanización ata que desapareceu absorbida pola civilización romana. Foi o resultado da fusión das tradicións autóctonas coas aportacións de pobos celtas chegados desde Centroeuropa. Esta cultura se estendeu máis alá dos límites actuais de Galicia, por Asturias, León, Zamora e norte de Portugal.

O que máis destaca desta cultura son os seus poboados, os castros. Téñense catalogado máis de 2.000 en todo o territorio galego. O castro é un recinto fortificado, como o demostran a súa situación e as murallas que o rodean, pero tamén un lugar para vivir, onde se atopan casas de formas variadas, aínda que predominan as circulares. As cubertas das

casas eran de palla e ramas, semellantes ás pallozas que se conservan nos Ancares. Os materiais utilizados eran a terra, os ramallos, a palla, a madeira e a pedra. Uns castros son pequenos (como o de Castrolandín en Cuntis), pero outros son de grandes dimensións (Santa Tegra, San Cibrán de Las, Briteiros ou San Millán).

A economía baseábase na agricultura cerealística (millo miúdo e trigo) e nas plantas leguminosas (fabas), e na gandería (ovellas, porcos, cabalos, vacas...). Tamén se practicaba a caza, a pesca e o marisqueo, ademais de extraer importantes cantidades de minerais: estaño, ferro, chumbo e metais preciosos, como o ouro, cos que comerciaban seguindo o sistema de troco.



Castro de Castrolandín (Cuntis)

Era unha sociedade belicosa

e con signos de xerarquía, segundo se deduce das ricas xoias que aparecen e das esculturas dos guerreiros. Suponse que habería unha minoría dirixente, militarizada e posuidora de riquezas.

Descrición dos habitantes do norte de Hispania, feita polo xeógrafo grego Estrabón

“Tódolos habitantes da montaña levan unha vida sinxela, beben auga, dormen no chan e levan o pelo longo como as mulleres. Mais no combate cinguen a fronte cunha cinta. Principalmente comen carne de castrón e sacrifican a Ares castróns, cabalos e prisioneiros. (...) E practican pelexas ximnásticas, a carreira, o lanzamento de dardos e o combate. (...) Están escasos de viño e o que conseguen gástanos rapidamente en festíns coas familias. No lugar de aceite empregan manteiga. Mentres beben bailan en círculo ao son da frauta e corneta e tamén saltándose e axeonllándose”.

Estrabón (63 a. C.- 19)

**Os pobos colonizadores: fenicios e gregos.** Desde finais da novena centuria antes de Cristo, fenicios e gregos do Mediterráneo oriental navegaron cara as terras de Occidente, fundando colonias. Foise creando unha rede de pequenas factorías en toda a costa occidental mediterránea, desde Marsella ata Cádiz. Fenicios e gregos viñeron na procura de metais (cobre, estaño, ouro e prata) e, en troques, os indíxenas recibían tecidos, xoias e obxectos de adorno. Máis tarde introduciron na Península o aceite e o viño, en fermosos recipientes cerámicos.

Os fenicios fundaron colonias arredor do Estreito de Xibraltar, desde Huelva ata Almería. Unha das colonias máis importantes dos fenicios era Cartago, situada no norte de África, cerca da actual cidade de Túnez. Na Península a colonia máis importante foi *Gádir* (Cádiz). Os fenicios introduciron inventos como o alfabeto, a moeda, o comercio e o ferro. Arredor do ano 500 a. C. Cartago reemprazou aos fenicios no sur da Península, aproveitando de maneira exclusiva os recursos mineiros.

A primeira pegada dos gregos en Iberia —así chamaron á Península— remóntase ó s. VII a. C. Froito da colonización grega foron moitas colonias. A comezos do s. VI a. C. fundaron *Emporion* (actual Empuries) na costa catalana, que se converteu durante os séculos V-IV na máis importante colonia grega de Occidente, xunto a *Masalia* (Marsella).


“As terras que dan ao mar sardo están ocupadas polos libiofenicios, colonos de Cartago. A continuación habitan, como é sabido, os tartesios. Logo, os íberos, seus veciños. Nas rexións máis ao norte están situados os beribrases. Logo, máis abaixo, xunto ao mar, habitan os ligures en cidades gregas que fundaron os focenses massaliotas. A primeira é Emporion, a segunda Rode. Esta foi fundada, primeiro, polos rodios, quen chegaron alí grazas a súa experiencia mariñeira.”

Escimno de Quíos (s. II a. C.)

**Iberia antes da invasión romana.** Os romanos, antes de desembarcar na Península, xa sabían que os pobos que a habitaban eran distintos e se dividían en tribos. Os habitantes da costa mediterránea estaban divididos en multitude de tribos que vivían en pequenas aldeas agrícolas, con algúns mercados importantes que poderían chamarse cidades. Hai que destacar a súa arte, con obras como a Dama de Elche. No resto da Península habitaban grupos tribais moi diferentes que baseaban a súa economía na gandería e sen verdadeiras cidades. Sobre estes pobos caeron no 218 a. C. os romanos.


Onde a cultura ibérica acadou un maior desenvolvemento foi en Andalucía, onde se situou o mítico pobo de Tartessos. No s. VII a. C. xa tiñan unha complexa economía baseada na agricultura e na minería, contactando co Norte da Península a través da chamada Rota da Prata. Esta civilización desapareceu en misteriosas circunstancias no s. VI a. C.

As zonas da meseta e do norte da Península tiñan unhas características diferentes á do Mediterráneo. Os lusitanos e os celtíberos eran os máis importantes pobos do centro e do oeste. Estaban organizados en tribos que tiñan como base económica a gandería, especialmente as ovellas, as cabras e os cabalos. Na zona norte do río Douro desenvólvese a cultura castrexa.





## - A dominación romana na Península




**A conquista.** No ano 226 a. C. Roma e Cartago firmaron un tratado chamado o Tratado do Ebro, polo que quedaban establecidas as zonas de influencia das dúas potencias: Roma, ó norte do Ebro; Cartago, ó sur. O ataque de Aníbal a Sagunto (219 a. C.), aínda que se atopaba no sur do Ebro, foi a causa do inicio da IIª Guerra Púnica. No ano 218 a. C. as lexións romanas desembarcaron en Empuries.

“Por aquela época, Asdrúbal [...], actuando dun modo intelixente, facía en todo grandes avances [...]. Os romanos, ao ver que o poderío dos cartaxineses era cada vez maior, decidiron intervir nos asuntos de Iberia. Déronse conta que se tiñan dormido nos tempos anteriores e que permitiran aos cartaxineses constituírse nunha gran potencia [...]. Enviaron embaixadores a Asdrúbal para asinar un acordo no que, sen citar o resto de Hispania, dicíase que os cartaxineses non podían atravesar o río Ebro con fins bélicos.”

Polibio (s. II a. C.)

Desde ese momento pasaron 200 anos ata que os romanos controlaron toda a Península. Os episodios máis importantes foron:

- Viriato. Viriato era un caudillo dos lusitanos a finais do s. II a. C. que se converteu en símbolo da resistencia fronte ós romanos. Despois de ter derrotado en varias ocasións ós romanos, foi asasinado por dous dos seus compañeiros de armas, subornados polos romanos.
- Numancia. Esta pequena cidade celtibera (500 x 260 metros) situada preto da actual Soria, tomou carácter de símbolo nacionalista pola resistencia numantina que opuxo á conquista por parte dos romanos. Moitos pobos dos arredores se tiñan refuxiado dentro das súas murallas para facer fronte ó exército romano no 153 a. C. A súa





resistencia ó asedio durou vinte anos, sendo sometida por Escipión o Africano illándoa totalmente cun valado e un foxo de 9 km. Despois de quince de meses de sitio, os numantinos rendéronse. Os superviventes foron encadeados e levados a Roma para formar parte do desfile triunfal das tropas e do seu xeneral ó longo do foro da cidade.

- Moitos anos despois, no 19 a. C., as tropas romanas conseguiron someter ó derradeiro foco de resistencia que quedaba na Península: os cántabros e os astures.

A organización do territorio baseouse nunha primeira división en dúas provincias: Hispania Citerior, con capital en *Tarraco*, e Hispania Ulterior, con capital primeiro en *Cartago Nova* e despois en *Corduba*. Pero foi a finais do s. I a. C., baixo Augusto, cando se realizou a división provincial que permanecerá ata o s. III d. C. Á fronte de cada provincia había un gobernador. Da defensa do territorio encargábanse as lexións. A provincia dividíase en *conventus xurídicos* para administrar xustiza. O eixe da administración residía nas cidades, que gozaban de autonomía financeira e política.

**A romanización.** Romanización significa adaptación ó modo de vida romano por parte das sociedades conquistadas. Isto supón un cambio de vida en aspectos fundamentais, como a lingua, a relixión, o urbanismo, o comercio, etc. A romanización fai máis intensa no leste e no sur que no interior e no norte da Península.

O latín, a lingua dos romanos, substituíu ás diferentes linguas indíxenas. Todas elas desapareceron agás o euskera. Na actualidade, agás no caso citado, todas as linguas que se falan na Península son de orixe latina.



Anfiteatro de Itálica

Os romanos fomentaron o urbanismo, potenciando as cidades xa existentes ou creando colonias romanas. A colonia era unha cidade fundada polas autoridades nun lugar sen urbanizar e estar habitadas por soldados licenciados. A colonia máis antiga foi a de *Itálica* no 206 a. C.

Os romanos crearon tamén unha extensa rede de camiños (vías). A rede tiña catro eixes principais: A *Vía Augusta*, que unía as Galias con Cartago Nova. Un ramal desta vía unía *Gades* con *Cartago Nova*, pasando por *Carteia* e *Malaka*. A Vía da Prata unía *Astúrica Augusta* con *Emerita Augusta*. O cuarto eixe de comunicacións unía Roncesvales con *Asturica Augusta*. A súa vez, unha rede de calzadas transversais unía o interior con estas grandes vías.

Outro factor de romanización foi o comercio. O interese polos metais de Hispania foi o móbil máis importante da conquista romana. Hispania era rica en ferro, chumbo, cobre, prata e ouro. No comercio destacou tanto a exportación de minerais como a de produtos agrarios, especialmente o aceite da Bética, e a importación de manufacturas e artigos de luxo (cerámicas, vidros, tecidos, etc.).

“Polibio, ó mencionar as minas de prata de Cartago Nova, di que son moi grandes, que distan da cidade uns vinte estadios (= 4 km), que ocupan unha área de catrocentos estadios (= 75 km), que nelas traballan 40.000 obreiros e que no seu tempo reportaban ós romanos 25.000 dracmas diarios”.

*Estrabón, Xeografía*



**O cristianismo.** A lenda atribúe a difusión do cristianismo en Hispania á evanxelización do apóstolo Santiago no século I (tradición que se crea no s. IX, cando se 'inventa' o achado do seu corpo en Compostela). En realidade, os primeiros testemuños incontestables proceden de mediados do século III e documentan a existencia de comunidades establecidas e organizadas en sedes episcopais en determinadas cidades hispanas, como Emerita, Legio (León), Asturica e Caesaraugusta.

A expansión do cristianismo primitivo en Hispania ten estreitas relacións cos soldados da Legio VII Gemina e as comunidades cristiás de África. O seu vehículo de expansión sería o elemento militar, a través da Vía da Prata. Atopáronse varios trazos de influencia africana no cristianismo español primitivo.

Os cristiáns hispanos sufriron as persecucións de finais do século III e comezos do século IV. Posiblemente o primeiro martirio con constancia documental ocorreu o ano 259 no anfiteatro de Tarraco (Tarragona), onde foron queimados vivos o bispo Fructuoso, e os diáconos Agoiro e Eulogio.

A instauración do cristianismo como relixión oficial do Imperio con Teodosio (380) fixo que se estendese en prexuízo dos cultos "pagáns" como pasaron a denominarse. A cristianización dos templos, espazos sacros e festividades de cultos anteriores produciu un sincretismo no que perviviron ritos e divindades precristianas, sobre todo na relixiosidade popular.

A crise do século III produciu unha ruralización da sociedade e unha retracción das institucións romanas urbanas, cuxo espazo é ocupado pola institución episcopal. A atracción pola vida monástica no campo relaciónase co proceso de ruralización e a explotación dos latifundios. A partir deses momentos, no medio da descomposición do Imperio, produciuse a chegada a Hispania de distintas versións do cristianismo: o arianismo de suevos e visigodos e a achega dunha influencia migratoria de acceso máis pacífico que chegou polo Atlántico (diócese de Britonia, creada entre Asturias e Galicia por cristiáns de Bretaña).

**Conquista e romanización da Gallaecia.** *Gallaecia* (nome romano da provincia que abrangúa o territorio do NO peninsular) foi dominada en tempos de Augusto, despois das chamadas Guerras Cántabras (29-19 a. C.), aínda que xa antes fixeran varias expedicións de castigo a este territorio. A conquista foi difícil e a resistencia simbolizouse na mítica batalla do Monte Medulio.

“(…) Ao final, tivo lugar o acoso do Monte Medulio, ó que se cercou cun foxo continuo de quince millas para conquistalo, avanzando o romano por todas partes ó mesmo tempo. Logo de que os bárbaros ven que o fin é chagado, entre festas, déronse morte con lume, espada e veneno que alí extrae a xente dos teixos, e a meirande parte librouse da catividade, que lles parece peor que a morte ós que ata ese momento non foran dominados”.

Floro

O territorio denominado *Gallaecia* tiña unhas dimensións maiores cás da Galicia actual e foi organizado e dividido en tres conventus ou distritos con capitais en *Lucus Augusti* (Lugo), *Astúrica Augusta* (Astorga) e *Bracara Augusta* (Braga). *Gallaecia* non foi provincia romana ata o século III d. C. Entre as distintas cidades construíronse vías para permitir a circulación de mercadorías.



Murallas de Lugo

A razón básica do establecemento dos romanos foi a súa riqueza mineira (ouro, estaño, chumbo...) que se explotaba derrubando montañas (Médulas) ou desviando ríos (Montefurado).

Ademais da organización política e do sistema viario, os romanos fundaron un sistema urbano que substituíu aos asentamentos castrexos, aínda que estes mantivéronse longo tempo. No económico transformouse a agricultura coa introdución de novos cultivos (viño, trigo, froiteiras), mellores técnicas (arado, hórreo) e a fundación de vilas (explotacións agrícolas sedentarias con gran terreo e pequeno núcleo urbano, antecedentes das aldeas).

A partir do s. III difundíuse o cristianismo, de xeito especialmente intenso nas áreas urbanas e cun protagonismo destacado da herexía priscilianista. Ademais de Prisciliano destacou a monxa Exeria, que chegou a viaxar ata Palestina.

## **2. PLURALIDADE POLÍTICA E CULTURAL DA PENÍNSULA NA IDADE MEDIA: AL-ÁNDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS. FORMAS DE VIDA E INTERCAMBIO CULTURAL. A OCUPACIÓN DO TERRITORIO E AS CONSECUENCIAS SOCIOECONÓMICAS. TRAZOS DA GALICIA FEUDAL.**

No século V rompeuse a unidade política que tiña imposto o Imperio romano nas terras que rodeaban o Mediterráneo. Nos séculos seguintes, tres civilizacións coexistirán nos territorios do antigo Imperio romano: a Europa occidental cristiá, o Imperio bizantino e o Islam.

As invasións dos pobos xermánicos orixinaron a creación na Península Ibérica de varios reinos, sendo finalmente o visigodo o dominante. No ano 711, a invasión musulmana causou a desaparición do reino visigodo. Desde ese momento, o territorio peninsular converteuse nunha parte importante do mundo islámico. Tan só unhas poucas zonas do norte non foron ocupadas polos musulmáns. Nelas apareceron os primeiros núcleos cristiáns que loitaron contra al-Ándalus, ocupando cada vez maior territorio mediante a conquista e a repoboación. Ao mesmo tempo foise creando en Europa occidental un modelo de sociedade marcado polas relacións sociais de dependencia entre señores e vasallos: o feudalismo.



## - OS REINOS XERMÁNICOS

**O reino suevo.** Desde o 409, varios pobos xermánicos entraron na Península sen que o imperio romano puidese impedilo. Os suevos, vándalos e alanos serán os primeiros invasores da Hispania romana. Os suevos establecéronse no noroeste e foron os únicos que formaron un reino forte. Estes invasores penetraron nas terras da Gallaecia, procedentes de Europa central. Os suevos chegaron a constituír un auténtico estado gobernado desde Braga e desde Lugo. Cara o 585 os visigodos conseguiron vencelos, desaparecendo o reino suevo.

**O reino visigodo.** Os visigodos establecéranse na Galia, onde fundaron un reino con capital en Tolosa. No 507 foron derrotados polos francos e o seu reino trasladouse a Península Ibérica. No s. VI lograron unificar o territorio peninsular, salvo os pobos do norte (vascóns e cántabros). No reino visigodo, unha minoría dominante tiña o poder, que se baseaba no exército e nos xefes militares. A monarquía era electiva e cada elección levaba a loitas sangrentas entre os nobres. A capital do reino era Toledo.

Os visigodos foran cristianizados moito antes de chegar á Península Ibérica. No tempo en que permaneceron no Leste de Europa, ao noroeste do mar Negro recibiron o bautismo da liña ariana do cristianismo. Eran, pois, cristiáns arianos os que formaron o reino visigodo de Toledo. As diferenzas doutrinais entre o cristianismo católico oficial e o cristianismo ariano (que non aceptaba o misterio da Santísima Trindade, nin que Xesús tivese dúas naturezas, unha divina e outra humana) levou a conflitos relixiosos dentro do reino. No seu interese por acabar con esa división, o rei Recaredo decidiu abandonar o arianismo e aceptar o catolicismo. A súa conversión fíxose de forma pública no Terceiro Concilio de Toledo do ano 589. Era a forma de estender a noticia a todo o reino que, seguindo o costume de que a relixión do pobo había de ser a relixión do seu rei, íría aos poucos abandonando o arianismo. No reino existía tamén unha minoría de xudeus, que foron perseguidos polos visigodos.

“Na era DCXXIII foi coroado rei Recaredo. Tiña un gran respecto pola relixión e era moi distinto ao seu pai en costumes, pois o pai era irreligioso e moi dado á guerra; el era piadoso pola fe e preclaro na paz; aquel estendía o imperio da súa nación co emprego das armas, este ía engrandecelo máis gloriosamente co trofeo da fe. Desde o comezo do reinado, Recaredo converteuse á fe católica e levou ao culto da verdadeira fe a toda a nación gótica, borrando así a mancha dun erro enraizado. Seguidamente reuniu un sínodo de bispos das diferentes provincias de Hispania e da Galia para condenar a herexía ariana”.

Las historias de los godos, vándalos y suevos, de Isidoro de Sevilla (636)

O problema da forma de elixir o rei estivo presente nos debates dos Concilios de Toledo. Estes concilios poderían considerarse como unha das institucións máis importantes do reino visigodo. Aínda que se consideran unha institución eclesiástica, aos concilios de Toledo non só asistían prelados ou autoridades da Igrexa, senón tamén o rei e a nobreza. Nestes concilios, despois de tratar de temas relixiosos, debatíase sobre os asuntos da vida política do reino. Neles elaborábanse as leis do reino, debatíase sobre as condicións do monarca e marcábanse as pautas polas que se había de rexer o reino. Por iso non se poden considerar asembleas soamente relixiosas, pois non había outro lugar máis importante onde se tomasen decisións respecto da política do reino.

O reino visigodo debilitouse debido ás constantes loitas pola coroa, que orixinaron frecuentes rebelións e guerras civís. A finais do s. VII, ao morrer o rei Witiza, os seus descendentes enfrontáronse cos nobres, que propuxeron como candidato a don Rodrigo, duque da Bética. Os primeiros pediron axuda aos bérberes, pobo musulmán do norte de África, que cruzaron o Estreito de Xibraltar no 711 ao mando de Tariq. Foi o final do reino visigodo.



Coroa do tesouro  
visigodo de Guarrazar

## - AI-ÁNDALUS

**A conquista.** A expansión musulmá pola terras do norte de África chegou á Península Ibérica o ano 711, cando 10.000 guerreiros bérberes cruzaron o estreito. Os invasores venceron na batalla de Guadalete a don Rodrigo e o ano seguinte entrou unha nova expedición baixo o mando de Musa, con 18.000 árabes. Foron chegando máis tropas que conquistaron facilmente a Península, ata máis alá dos Perineos. Continuaron ata Poitiers, onde foron freados polo rei franco Carlos Martel no 732.

Detrás dos guerreiros invasores que ocuparon as terras, chegaron numerosos inmigrantes musulmáns procedentes de lugares moi diversos: bérberes do norte de África, exipcios, sirios e árabes. A conquista foi fácil por varias causas. Moitos nobres hispano-visigodos continuaron conservando as súas terras e exercendo o poder, pero subordinados ós musulmáns, mediante pactos ou capitulacións. Gran parte dos habitantes aceptaron a conquista, como moitos campesiños para os que a invasión supuxo unha liberación con respecto ós seus señores cristiáns.

A rapidez explícase tamén pola propia debilidade do reino visigodo. Os territorios que se rendían sen resistencia recibían mellor trato e a súa relixión e costumes eran respectados a cambio do pago dun tributo. Para a comunidade xudía, a chegada dos musulmáns foi un alivio, porque estes non os perseguían.

"Abd ao-Aziz escribiu un pacto [ahd] onde se estipulaba:  
No nome de Deus clemente e misericordioso. Este é o pacto concedido por Abd ao-Aziz Musa a Tudmir Gandaris, cando se acolleu á capitulación.  
1- [Tudmir queda cuberto] polo pacto e a garantía de Deus e as [normas] que enviou mediante os seus profetas e enviados.  
2- Adquire a protección [dimma] de Deus (enxalzado e honrado sexa) e a protección de Muhammad.  
3- [Non será destituído da súa soberanía].  
4- En nada será alterada [a presente situación] tanto súa como de calquera dos seus compañeiros.  
5- Non serán reducidos a cativerio, nin separados das súas mulleres e fillos.  
6- Non serán mortos.  
7. Non serán queimadas as súas igrexas (nin tampouco despousuídas dos obxectos de culto).  
8- Non se lles obrigará a [renunciar] á súa relixión.  
9.- Esta capitulación cobre sete cidades: Orihuela, Mua, Lorca, Balantala, Alacante, Iso e Elxe.  
10- [Tudmir] non deixará de observar o cumprimento do pacto e non rescindiré o acordado.  
14- A el e aos seus compañeiros incumbe o pago da yizya. Iso é que todo home libre pagará [cada ano]: un dinar [de ouro], catro almudes de trigo, catro de cebada, catro qist de vinagre, un de mel e un de aceite.  
15- A todo servo incumbe o pago da metade destas cantidades.  
Foi escrito en rayab do ano noventa e catro (abril 713)".

Tratado de capitulación de Tudmir ante Abd ao-Aziz

A convivencia e adaptación entre as comunidades invadida e invasora viuse favorecida por unha contracción demográfica e unha abundancia de terras libres. Os antigos campesiños dependentes dos latifundistas godos víronse libres, e foi este grupo social dos pobres campesiños o que sufriu unha transformación máis profunda. De homes dependentes pasaron a ser libres, de falar en latín pasaron a falar en árabe, e de ser cristiáns pasaron a ser musulmáns.

O proceso de islamización da Al-Ándalus viuse favorecido por tres circunstancias: a inmigración de musulmáns, os matrimonios mixtos de homes musulmáns con mulleres cristiás que educaban aos seus fillos no Islam e a conversión ao Islam da poboación hispano-goda. Probablemente a formación cristiá dos grupos máis baixos da escala social era tan débil que non tiñan inconveniente en cambiar de relixión.

A pesar de que a oposición foi escasa, algúns nobres godos rebeláronse e refuxiáronse en terras francas ou nas rexións montañosas do norte. Os enfrontamentos entre os musulmáns e estes habitantes das zonas cantábricas comezaron pronto. Un dos primeiros choques foi magnificado pola historiografía nacionalista española, creando o mito da batalla de Covadonga, no 722.

A invasión musulmá chegou ás terras da actual Galicia, pero o dominio islámico foi efémero e a penas houbo islamización. Segundo as crónicas musulmás da época, os musulmáns que se estableceron en Galicia non eran árabes, senón bérberes africanos.

**Evolución política de al-Ándalus.** Al-Ándalus considerouse ó principio unha provincia do califato omeia de Damasco ó mando dun gobernador ou wali. Esta provincia era practicamente independente pola distancia do centro de poder. Cando en Damasco os abasidas depuxeron ós omeias e os exterminaron, un príncipe desta familia, Abderramán I logrou escapar e chegar a capital de Al-Ándalus, Córdoba, no 756. Proclamouse emir (príncipe, xefe militar) e rompeu a dependencia con Damasco. Con el comezou o chamado emirato independente, que cubriu o período 756-929.



Mihrab da mesquita de Córdoba

No ano 929, Abderramán III proclamouse califa e xefe dos crentes, separándose totalmente do resto do mundo musulmán. Comezou así a etapa do Califato de Córdoba (929-1035). Este foi o período de máximo esplendor económico e cultural de Al-Ándalus. O poder do Califa baseábase nun exército profesional e nos fortes impostos. Gran parte destes impostos pagábanos os mozárabes, é dicir, os cristiáns que vivían en territorio musulmán. Ás veces, as tropas musulmás realizaban expedicións de saqueo no territorio cristián do norte, como a levada a cabo por Almanzor en Santiago a finais do s. X.


“Almanzor chegara nesta época ó máis alto grao de poder. Socorrido por Alá nas súas guerras contra os príncipes cristiáns, marchou contra Santiago, que é o máis importante santuario cristián de España e das rexións próximas do continente europeo. Almanzor dirixiu contra a cidade a expedición estival que saíu de Córdoba o 23 chumada de 387. Tomada a dirección de Santiago cruzou moitos ríos e rías. Acamparon ante a orgullosa cidade que foi abandonada por todos os seus habitantes e os musulmáns apoderáronse de tódalas riquezas e derrubaron as construcións, as murallas, a igrexa de forma que non quedou nin rastro. Almanzor colocou gardas sobre a tumba do apóstolo impedindo que fose saqueada.”

*Crónica musulmá*

Entre o 1009 e o 1035, o califato disgregouse en varios reinos independentes chamados reinos de taifas. A partir de entón, a balanza de poder na Península inclinouse cara os reinos cristiáns. Á morte do último califa Hisham III, todas as coras ou provincias de Al-Ándalus que non eran aínda independentes auto proclamaron a súa independencia. Formaron en principio un total de 27 reinos de taifas, aínda que algúns foron desaparecendo, incorporados os máis pequenos polos máis poderosos.

A división de Al Andalus trouxo como consecuencia unha debilidade que foi aproveitada polos reinos do Norte para avanzar na reconquista do territorio. A perda de Toledo no ano 1085 foi un duro golpe para os musulmáns de Al Andalus, e de inmediato chamaron na súa axuda ao poder que se asentaba alén do estreito de Xibraltar, no Magreb: o imperio almorávide (1090-1145).

Venceron ás forzas de Alfonso VI, o conquistador de Toledo, na batalla de Zalaca (1086), preto de Badaxoz. Estas vitorias animáronos a quedar, coa xustificación da dexeneración moral e militar dos reis taifas. Impuxeron a ortodoxia musulmá estrita, da que eran partidarios. Ao destruírse o seu poder militar desapareceu o imperio, derrotado





tamén no norte de África polos almohades.

Organizáronse de novo poderes rexionais, denominadas segundos taifas, pero que non duraron moito, pois ante o novo avance dos reinos do Norte tiveron que chamar ao novo poder instalado no Magreb, os almohades.

Os almohades (1147-1232) procedían do Atlas e organizáronse para derrocar aos almorávides, con argumentos de pureza e revitalización relixiosa. Conquistaron Al-Andalus con gran violencia, e dotárona de certa estabilidade e prosperidade económica e cultural. Terminaron por ser derrotados polo rei Alfonso VIII de Castela no 1212, foi o golpe decisivo, aínda que se mantiveron aínda algunhas décadas.

Unha nova dinastía dominou o norte de África e controlou temporalmente algúns territorios no sur da Península: os benimerines. A súa derrota na Batalla do Salado (1340) fronte a unha coalición de Castela e Portugal, marcou o final da súa presenza na Península. Al-Ándalus quedou reducido ao reino nazarí de Granada, conquistado en 1492 polos Reyes Católicos, e anexionado á Coroa de Castela.

**Economía.** As actividades económicas de Al-Ándalus caracterízanse fundamentalmente pola dedicación á agricultura e a gandería. Aos poucos foron gañando importancia a artesanía e o comercio. A moeda foi un instrumento e un aval da economía comercial, que chegou a un gran esplendor durante a época do califato. Acuñábanse moedas de ouro (dinar) e de prata (dirham), que contribuíron á brillantez económica do califato, cuxa economía chegou a considerarse como a máis importante de Europa nos primeiros séculos da Idade Media.

